



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 1125/2019
Procedemento: CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL 2019
Documento asinado por: O TÉCNICO DE CULTURA E COMUNICACIÓN

INFORME-PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL 2019-2020

D. Mario Eijo Barro, Técnico de Cultura e Comunicación do Concello de Xove, de acordo coa Providencia de Alcaldía obrante no expediente, propoño á Alcaldía-Presidencia a adopción do acordo de aprobación da convocatoria dos premios do concurso de karaoke de Nadal 2019-2020, segundo a competencia atribuída polo artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, consonte as seguintes Bases regulamentadoras:

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Nadal, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse persoándose nas dependencias do Concello, no despacho do Técnico de Cultura. O prazo normal para inscribirse no Concurso remata o venres 27 de decembro de 2019 ás 15:00 horas. Tamén poderá realizarse a inscrición o mesmo día do





Concello de Xove

concurso, o 28 de de decembro de 2019, de 17:00 a 19:00 horas no Pavillón Municipal de Xove. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia os inscritos antes nas dependencias do Concello e tomarase en todo caso en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

TERCEIRA.- TEMAS MUSICAIS A INTERPRETAR

Os/as inscritos no concurso poderán escoller unha canción dentro da lista facilitada pola organización.

Se algún concursante desexa participar cunha canción que non estea incluída dentro da citada lista, poderá facelo presentando a súa propia. Neste caso o límite para inscribirse rematará o día que se sinale na convocatoria co fin de que a organización dispoña de tempo suficiente para poder facilitar a canción correspondente.

As persoas que se inscriban o mesmo día do concurso, poderán escoller unha canción da lista da organización ou ben presentar unha propia; non obstante, se por cuestións técnicas a canción aportada non resultase reproducible polos medios técnicos da organización, o concursante deberá escoller outra canción da lista da organización.

Unha vez escollida a canción coa que se concursará, esta non se poderá cambiar agás no caso de problemas técnicos que impedisen a correcta reprodución, podendo así o concursante escoller outra canción.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto por tres membros, seleccionados pola organización do concurso.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 900 euros € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Municipal).

SEXTA.- PREMIOS

Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a “Mellor voz” (2 premios) e “Mellor caracterización”. No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

Peques.

Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 60 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 60 euros

Iunior

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou





Concello de Xove

máis e que non cumpriran os 18 anos.

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 90 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 90 euros

Veteranos

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 150 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 150 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

O pago dos premios realizarase con carácter previo á elevación da Acta do Xurado, tramitándose polo sistema de pagamentos a xustificar, sendo o habilitado o Técnico Municipal de Cultura. Unha vez rematado o concurso, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías, emitíndose igualmente informe polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará ao Alcalde-Presidente, órgano competente para a concesión dos premios.

Os premios serán entregados en metálico debendo asinarse polo preceptor ou titor legal para o caso de menores de idade.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estrutalmente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

NOVENA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.





Concello de Xove

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, no será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

